



CORONAVIRUS

NOTA INFORMATIVA SOBRE ABASTECIMENTOS DE AUGA DE CONSUMO PÚBLICO CON MOTIVO DA ALERTA SANITARIA POR COVID-19

En aplicación do previsto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dítase a Orde SND/274/2020, do 22 de marzo, pola que se adoptan medidas en relación cos servizos de abastecemento de auga de consumo humano e de saneamento de augas residuais, norma que resulta de aplicación a todas as entidades, públicas e privadas, que prestan ou contribúen a prestar o servizo de abastecemento de auga de consumo humano á poboación.

As empresas e entidades que levan a cabo os procesos de tratamento da auga necesarios para garantir unha adecuada subministración de auga de consumo humano e aqueles sectores que dalgunha forma resultan partícipes da actividade dos abastecementos (laboratorios de ensaio; fabricantes e comercializadores de reactivos, bens de equipo, repostos, etc) considéranse operadores de servizos esenciais.

Segundo o [Centro para o Control e a Prevención de Enfermidades \(CDC\)](#), o virus COVID-19 non se detectou na auga potable e os métodos convencionais de tratamento de auga que usan filtración e desinfección, como os da maioría dos sistemas municipais de auga potable, deben eliminar ou inactivar o virus que causa COVID-19.

Por todo elo, durante o tempo que dure o Estado de Alerta os responsables dos abastecementos de auga de consumo humano deberán realizar de forma ininterrompida todas as accións necesarias para que a auga chegue ao consumidor cumprindo cos criterios de calidade establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, a fin de evitar que xurdan problemas para a saúde pública relacionados co consumo de auga.

Con respecto ao autocontrol deberanse realizar estritamente os mesmos tratamentos e accións correctoras e de mantemento especificados no RD 140/2003 e nas súas normas de desenvolvemento.

O uso de hipoclorito sódico na desinfección da auga de consumo, cando se manteñen os niveis adecuados, limita a presenza do COVID-19. Terase en consideración a aparición de factores que poidan influír negativamente sobre a acción do desinfectante (aumento da turbidez, presenza de materia orgánica, etc).



CORONAVIRUS

Deberanse extremar as precaucións sen a necesidade de implementar medidas adicionais ás recollidas na lexislación vixente.

Non se realizará o control da calidade da auga na billa do consumidor para non contribuír á propagación do COVID-19.

En canto ás fontes públicas, dado que son instalacións onde se pode ter máis contacto coas mans ou a boca e non se pode garantir a ausencia de COVID-19 na superficie das billas e doutros elementos construtivos, recoméndase que non se utilicen mentres dure esta crise sanitaria, ou, nos casos que sexa posible, deixalas sen funcionamento e adoptar medidas para evitar o acceso.

As autoridades manterán a vixilancia sanitaria incidindo naqueles aspectos que se consideren prioritarios debido á situación de emerxencia sanitaria na que nos atopamos.

As recomendacións incluídas nesta nota informativa están en continua revisión en función da evolución e nova información que se dispoña da infección polo novo coronavirus (SARS- COV-2)

Santiago de Compostela, 3 de abril do 2020

